



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Outubro 2018

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de outubro de 2018**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2017 e anteriores.

OUTUBRO 2018


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadia media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Outubro 2018

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	%	Var. Int. 18/17
HOTEIS	323.937	-5,2%	640.456	-4,0%	1,98	1,2%	45,93%	-1,59
PENSIÓNS	63.568	-27,1%	120.175	-15,9%	1,89	15,3%	24,46%	0,04
ESTAB. HOTELEIROS	387.504	-9,6%	760.631	-6,1%	1,96	3,9%	40,31%	-0,40
APTOS. TURÍSTICOS	9.811	-17,4%	26.396	-10,4%	2,69	8,4%	19,66%	-1,45
CÁMPINGS	1.741	-15,4%	4.581	11,4%	2,63	31,7%	8,78%	-2,16
TURISMO RURAL	20.840	11,0%	33.492	0,1%	1,61	-9,8%	16,63%	0,07
ESTAB. EXTRAHOTEL.	32.392	-1,0%	64.469	-3,8%	1,99	-2,9%	-	-
TOTAL	419.896	-9,0%	825.100	-5,9%	1,97	3,4%	-	-

- En outubro de 2018 obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 9,0% e o volume de noites un 5,9% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Con este descenso rómpese unha tendencia de crecementos consecutivos nos últimos catro anos. Logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13 –por mor do efecto pos-Xacobeo nun contexto de crise- os niveis de demanda recupéranse en 2014 cunha suba do 13,0% que precede aos incrementos posteriores do 9,1% en outubro de 2015, do 13,1% en 2016 e do 5,4% no pasado ano 2017. Esta dinámica colocou o nivel de outubro do pasado ano en algo máis de 877 mil noites. Coa caída deste ano o volume final fica por encima das 825 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante. Neste caso o descenso do 9,0% vén precedida de incrementos desde o 2014. Son, por tanto, catro anos consecutivos de valores positivos que conseguiran superar os 460 mil viaxeiros no pasado ano. O dato de outubro de 2018 fica próximo aos 420 mil –a cifra máis baixa dos últimos tres anos mais superior a toda a serie anterior-.
- É o quinto mes consecutivo –e sexto no total do ano- no que se rexistra unha caída da demanda turística en Galicia, circunstancia que se contrapón ao observado no primeiro trimestre cando se rexistraban incrementos de diversa intensidade de xaneiro a marzo –en maio o comportamento

foi estable-. O cómputo global da como resultado que no conxunto dos primeiros dez meses do ano o nivel de demanda turística regrada en Galicia descende un 5,0% en relación ao mesmo período de 2017 –rexistrando preto de 9,26 millóns de noites-. Regularízase a tendencia negativa logo de presentar nos primeiros meses do ano un comportamento máis dispar.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de outubro 2005-18




- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na perda de preto de 42 mil viaxeiros aloxados e de pouco máis de 52 mil pernoctacións en relación ao mes de outubro de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento diferente. En termos xerais mantense estable o nivel de demanda nun contexto de leve crecemento da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,0%- que vén contrarrestado por unha caída paralela da estadía media.
- Rexístrase neste mes un comportamento dispar da demanda regrada a nivel das comunidades autónomas. Dez delas amosan unha dinámica positiva, superando os niveis do pasado ano. O crecemento de maior intensidade rexístrase en Cantabria, destino que presenta unha suba do 7,0%. Seguen en orde de importancia Castela A Mancha –cun incremento do 6,6%- por diante de Cataluña e Murcia –ambas cun incremento superior ao 5% interanual-. No lado contrario é a C. Valenciana o destino que presenta un crecemento máis moderado, do 0,7% neste caso.
- A demanda mantense estable en Andalucía, e descende nos seis destinos restantes, con diversa intensidade. Asturias marca a caída máis suave –do 1,1%- mentres que no lado contrario é Galicia o destino que rexistra neste mes o descenso máis acusado, do 5,9% neste caso.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é semellante sendo neste caso Cataluña e Castela A Mancha os destinos de crecemento máis notable, do 7% en ambos casos. Galicia rexistra, en cambio, a caída de maior intensidade, do 9,0% en relación a outubro do pasado ano.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 2,1% do total de España –posición inferior á rexistrada nos últimos meses mais equivalente á observada na primeira parte do ano-. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con máis de 8,7 millóns de pernoctacións no mes de outubro –o 22% do total-.

Sitúanse a continuación Baleares –con preto de 7,0 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con máis de 6,1 millóns-, Cataluña –con preto de 5,9 millóns- e a C. Valenciana –con pouco máis de 4,0 millóns-. Só estas cinco comunidades agrupan a case o 80% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En outubro o 92,2% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 77,6%- coma ás pensións –co 14,6% neste caso-. O 7,8% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,2% da demanda total-, aos cámpings –co 0,6%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 4,1% neste caso-.
- Tal como corresponde a un mes de temporada media-baixa, os cámpings adquiren un peso baixo, pouco perceptible e diferente ao observado no verán –cando supera o 20% do total- ou mesmo no mes de setembro –cando supoñía o 7,8% do total-. Desde este punto de vista, por tanto, o mes de outubro considérase de temporada baixa a efectos de volume e peso da demanda nos cámpings dentro da comunidade.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Outubro 2018




- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada neste mes de outubro vén unha vez máis moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento algo dispar. Dunha banda descende o volume de pernoctacións no ámbito hoteleiro –un 4,0% nos hoteis e un 15,9% nas pensións- así como nos apartamentos turísticos –un 10,4% neste caso-, como consecuencia de caídas paralelas da cifra de viaxeiros aloxados nas tres modalidades –de diversa intensidade-.
- A demanda mantense estable nos establecementos de turismo rural –froito da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros aloxados e caída paralela da estada media- e increméntase nos cámpings –xustamente na tipoloxía de menor volume, un 11,4%-. Este crecemento destaca por contraponerse á dinámica negativa global mais resulta certamente

irrelevante en termos absolutos pois supón a xeración de apenas 470 novas noites en comparación co mes de outubro do pasado ano.

- Nunha perspectiva global obsérvase que cae a demanda no ámbito hoteleiro –un 6,1%- e tamén no segmento extrahoteleiro –un 3,8% neste caso-. O dato positivo dos cámpings xunto coa estabilidade da demanda nos establecementos de turismo rural non conseguen superar en volume a caída da demanda no ámbito dos apartamentos turísticos.


Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Outubro 2018/17, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de máis de 49 mil noites no segmento hoteleiro e de preto de 2.600 noites no ámbito extrahoteleiro –por mor das máis de 3 mil noites perdidas nos apartamentos turísticos-.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu un comportamento parello entre os hoteis e as pensións. Tal circunstancia trasládase ás diferentes categorías, se ben aprécianse diferenzas de intensidade. En síntese obsérvase diferenza entre os hoteis de dúas ou máis estrelas –onde a demanda cae de forma moi suave ou incluso se mantén estable, no caso daqueles de tres estrelas- e o segmento de menor categoría –hoteis dunha estrela e pensións- onde o descenso é notable. Por comparación, a demanda cae un 1,4% nos hoteis de catro e cinco estrelas ou un 2,8% nos hoteis de dúas estrelas, e un 24,3% nos hoteis dunha estrela ou un 19,0% nas pensións dunha estrela.
- Obsérvase, por tanto, un comportamento dispar entre a categoría media e alta, e o segmento baixo.
- Neste mes de outubro o 73,3% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno –o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional –aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 26,7% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aseméllanse en parte á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 68,2% mentres que o internacional representa o 31,8%-.


- Esta distribución é propia dun mes de temporada media-baixa no que o peso do turismo internacional supera o 25% –marca diferenza cos meses de temporada baixa e alta cando, por exemplo, o peso do turismo estranxeiro apenas chega ao 20% do total no mellor dos casos-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Outubro 2018



- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes de outubro. Ambos segmentos descenden en relación ao pasado, en porcentaxes variables.
- O turismo nacional cae un 3,9% como consecuencia do descenso paralelo da cifra de viaxeiros españois, do 4,3%, nun contexto de certa estabilidade da estadía media. Este descenso contrasta cos incrementos observados nos últimos catro anos e sitúa o volume final de outubro deste 2018 en preto de 605 mil noites –a terceira cifra máis baixa dos últimos tres anos-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Outubro 2018/17




- O turismo internacional presenta igualmente unha dinámica negativa con descensos paralelos tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 17,8%- coma do volume de pernoctacións –do 11,2%

neste caso-. Contrasta este descenso coas subas rexistradas nos seis anos anteriores, rompendo por tanto a dinámica positiva que o mercado internacional tiña en Galicia no mes de outubro e que o levara a rexistrar cifras históricas. Esta caída sitúa o nivel final en pouco máis de 220 mil noites –a terceira cifra máis elevada da serie histórica por detrás dos valores rexistrados xustamente en 2016 e 2017-.

- En outubro o turismo de ámbito nacional representa o 73,3% do total da demanda turística regrada, porcentaxe elevada como corresponde a un mes de temporada media. Supera en case dous puntos a cifra rexistrada en 2017 –por mor dun mellor comportamento relativo en relación ao turismo internacional-. Este último supón neste ano o 26,7% do total da demanda –a porcentaxe máis baixa dos últimos tres anos-.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado mantense nos mesmos termos en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. O mercado nacional descende no segmento hoteleiro –un 3,8%- e no extrahoteleiro –un 4,3% neste caso-. O internacional amosa tamén un comportamento negativo no ámbito hoteleiro –cunha caída do 11,9%- e no extrahoteleiro –do 2,7% neste caso-.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,97 noites, cifra que se incrementa en relación ao pasado ano –un 3,4% en particular-. Sobe a estadía media logo de descender levemente no pasado ano 2017 e de amosar un comportamento irregular nos últimos anos. Con este incremento Galicia marca no mes de outubro a cifra máis elevada dos últimos seis anos.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Outubro2018




- Os apartamentos turísticos e os cámpings son as modalidades que presentan as estadías máis elevadas, con algo máis de 2,6 noites de media en ambas neste mes de outubro. As restantes tipoloxías rexistran cifras máis baixas, situándose no contorno das dúas noites nos hoteis, en 1,9 noites nas pensións e en 1,6 noites nos establecementos de turismo rural –tipoloxía que presenta a cifra máis baixa-.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar en relación coas diferentes tipoloxías. Mantense practicamente invariable nos hoteis, sobe e mellora nas pensións –un 15%-

nos apartamentos turísticos –un 8%- e nos cámpings –un 32%-, e descende nos establecementos de turismo rural –un 10% neste caso-.

- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste mes os valores rexistrados en catro destinos –A Rioxa, Estremadura, Castela A Mancha e Castela e León-. Canarias, con 7,1 noites de media, marca o valor máis elevado neste mes de outubro. No lado contrario é Castela e León o destino que presenta a cifra máis baixa, con 1,7 noites.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar entre as diferentes comunidades autónomas. Neste contexto Galicia presenta o incremento de maior intensidade cun 3,4% en relación a outubro de 2017.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Outubro 2018



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é algo diferente. Descende nos hoteis e nos apartamentos turísticos –por mor dun descenso da demanda- e nos cámpings –por un incremento da oferta dispoñible superior en intensidade á suba do volume de noites-, e mantense estable nas pensións –froito dun axuste da oferta paralelo ao descenso da demanda- e nos establecementos de turismo rural –como consecuencia do mantemento do volume de noites en relación ao pasado ano-.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 45,9% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings –cun 8,8% neste caso-.